

## REGULAMENTO

### XIII BTT CICLOTURISTA DA CAMELIA POLO VAL DO ULLA

1.-O Concello de Vedra, organiza a **XIII Btt Cicloturista da Camelia polo Val do Ulla**, que terá lugar o **domingo 4 de febreiro de 2024**, cun percorrido de 64 km/ aprox., de dificultade técnica e física media e un itinerario alternativo corto de 33 km aprox. Ambas terán carácter non competitivo. A saída terá lugar ás 9:00 horas do Velódromo Municipal de Vedra; Fontao, 18. 15885. Vedra; coordenadas G.P.S.: 42º 46´24,88´´N 8º 29´8.99´´ W

2.- Poderán participar na ruta todas as persoas maiores de idade que acepten e cumpran as condicións regulamentarias e que realizen axeitadamente o proceso de inscrición. Ten un custe de 15 €.

3.- Permitirase a participación de rapaces e rapazas menores de idade, dende os 16 anos en diante, con autorización do/a pai/nai/titor.

4.- O prazo de inscrición finalizará o 30 de xaneiro ás 21:00 horas ou ao acadar un total de **400 participantes**. Realizarase na plataforma de inscricións de [www.galitiming.com](http://www.galitiming.com). Considerarase efectiva a inscrición unha vez feito o pago na TPV habilitada para tal fin. Non se admitirán pagos en man nin o mesmo día da proba. Tampouco se admitirán inscricións baixo ningún concepto, fóra dos prazos marcados.

5.-A inscrición dará dereito á participación na proba, e incluírá tres puntos de avituallamento (con líquidos e sólidos), agasallo, participación en sorteos, servizo de lavado de bicicletas, servizo de ambulancia, seguro R.C. e de accidentes. Só serán considerados participantes, aqueles que realizen a inscrición correctamente e leven o dorsal visible en todo momento. O devandito dorsal será facilitado pola organización.

6.- A entrega de dorsais terá lugar a o sábado 3 de febreiro de 16:00 a 20:00 horas ou o domingo 4 de febreiro a partir das 8:00 horas no Velódromo Municipal de Vedra, e a saída efectuarase ás 9:00 horas dende este punto. A recollida de dorsais farase de xeito individual.

7.- O emprego do casco é obrigatorio, e non levalo implica a retirada do dorsal e da ruta. A organización non se fai responsable dos accidentes, nos que puidera ser causa, a negligencia dos participantes, así como os danos que estes puideran ocasionar durante a realización da marcha.

8.- O percorrido da proba transcorre na súa maior parte por camiños rurais e forestais do concello de Vedra, existindo cruces con tramos de estradas, que se atopan abertos ao tráfico para outros usuarios polo que se deberá extremar a precaución por parte dos participantes, respectando as normas de circulación contidas na Lei de Seguridade vial e no Regulamento Xeral de circulación.

9.- Todos os participantes deben respectar o entorno por onde transcorre a proba, quedando terminantemente prohibido tirar o lixo en todo o percorrido a excepción dos colectores situados nos puntos de avituallamento e de inicio e final de ruta.

10.- En todo momento respectaranse e acataranse as ordes e directrices da organización, non superando en ningún momento ao vehículo que abre a mesma, o cal será obxecto de descalificación inmediata.

11.- A Organización contará con servizo de ambulancia a disposición dos participantes, ao igual que dun Seguro de Responsabilidade Civil e de Accidentes (limitado), non facéndose responsable de ningún accidente nin gastos fóra desta cobertura. A organización non se fará responsable dos accidentes, nos que puidera ser causa a negligencia dos participantes, así como os danos que estes puideran ocasionar durante a realización da proba. Enténdese que os participantes inscritos asumen e coñecen os riscos do BTT.

12.- O participante presta o seu consentimento á Organización para que poida ser utilizada a súa imaxe na promoción e difusión da proba, de tódalas formas posibles. Calquera persoa inscrita poderá prohibir a utilización expresamente, previa comunicación por escrito dirixida ao Concello de Vedra a través do seu mail: [correo@concellodevedra.com](mailto:correo@concellodevedra.com)

13.- INFORMACIÓN BÁSICA DE PROTECCIÓN DE DATOS; O responsable de tratamento é o Concello de Vedra os datos de carácter persoal trátanse coa finalidade da organización da XIII Btt cicloturista da camelia polo val do Ulla, xestión das persoas participantes e publicación nos medio de comunicacións institucionais ou sociais. A base xurídica que lexitima o tratamento é a misión en interese público amparada polo Art. 25 da Lei reguladora de bases de réxime local e o consentimento da persoa interesada para a publicación das imaxes nos medios de comunicación e RRSS institucionais os datos poderán ser cedidos a outros organismos da administración pública, bancos e caixas de aforro, entidades aseguradoras, entidades sanitarias e forzas e corpos de seguridade do estado, non está prevista transferencia internacional de datos e o prazo para supresión dos mesmos será o necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitarao e nunca máis dun ano. A persoa participante poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, mediante escrito dirixido o Concello de Vedra a través do seu mail: [correo@concellodevedra.gal](mailto:correo@concellodevedra.gal).

14.- Cada participante será autosuficiente e responsable do seu material e das avarías que poida ter ao longo do percorrido. A organización na medida do posible proporcionará axuda cun servizo de reparacións. En caso de que o participante sufra unha avaría que imposibilite a finalización da proba, este deberá chamar ao teléfono situado na parte posterior do dorsal para a súa recollida.

15.- A Organización resérvase o dereito a modificar a presente normativa, así como a modificación do percorrido, quilometraxe e data da proba.

16.- O feito de inscribirse na proba, supón a aceptación total do presente regulamento.